

**A utilización do móbil por meniños e adolescentes prexudica as súas habilidades sociais, favorece o illamento e incrementa o risco de depresión**

**Mais alén diso pode provocar...**

Dor de cabeza

Fadiga

Irritabilidade

Perda do apetito

Transtornos do sono

Dificuldade da Concentración

Transtornos cardiovasculares

Vertixes

Problemas Visuais ou auditivos

Danos Irreversíbeis no sistema nervoso

Tumores cerebrais e leucemia



**Edita: "Roi Xordo"**  
**Federación de Asociacións Viciñais**  
**Urbanas da cidade de Ferrol**  
*"Roi Xordo"*



*Este díptico está inspirado nun folleto editado por AVAATE (Asociación Vallisoletana de Afectados por Antenas de Telefonía).*


**É inofensiva a telefonía móbil para a nosa saúde?**

**A PREVENCIÓN DA TUA SAÚDE E A DOS TEUS FILLOS E FILLAS É O MÁIS IMPORTANTE**



**É O MÓBIL UN XOGO  
OU UN PRESENTE NECESARIO PARA  
ADOLESCENTES OU NENOS?**

O obxecto deste díptico é chamar a atención sobre unha descoñecida problemática de saúde pública: as radiacións electro-magnéticas que emiten moitos aparellos que nos rodean, e que fan parte do noso día-a-día, como é o caso dos teléfonos móbiles e sen fíos, e das cada vez máis espalladas antenas que instalan as operadoras, ben pertiño das nosas vivendas, para garantir a cobertura e bon funcionamentos dos Mesmos. Pois é, cada vez son máis voces non-governamentais que alertan sobre o perigo destas radiacións. É a nosa intención, lonxe de realizar un falso alarmismo social, dar a coñecer algo do que din, que está a ser ocultado, para que cada quen, coñecido isto, tire as súas conclusións, e tamén, porque sempre vai valer máis a prevención do que a cura. Eis, saúde preventiva.



*"É preciso facer un uso racional da telefonía móbil con obxecto a reducir a exposición das persoas a radiacións de campos electromagnéticos, sobretudo en grupos de especial atención como nenos e nenas, ou portadoras de implantes activos entre outras", e engadimos, tamén de persoas vellas ou enfermas.*

*O texto entre aspas son recomendacións de expertos do Ministerio de Sanidad y Consumo tiradas do seu informe: "Campos electromagnéticos y salud pública".*


**A xente nova son excelentes clientes das operadoras de telefonía porque descoñecen ou ignoran os inconvenientes do uso e abuso dos móbiles e pola súa vulnerabilidade fronte ás modas e ao sistemático bombardeamento de campañas publicitarias dos mesmos.**

**Campaña informativa por un uso racional da telefonía móbil**

# Elas e eles son máis vulnerábeis

## A penetración de radiacións no cerebro dun telefone móbil É maior nos nenos do que nas persoas adultas.

Imaxe real obtida por computador



Persoa Adulta      Neno/a de 10 anos      Neno/a de 5 anos



Os efectos biolóxicos da radiación do telefone móbil son moito máis perigosos para as persoas novas e os nenos e nenas porque...

- As diferentes partes da cabeza dos nenos e nenas poden entrar en resonancia por se acoplar ao tamaño das ondas que emiten os móbiles.
- Os ósos do cráneo son máis delgados e están máis vascularizados polo que as ondas penetran máis no cerebro.
  - Os tecidos en crecemento son máis vulnerábeis.
  - O seu sistema nervoso está a desenvolverse.
  - As células en división son máis susceptíbeis a alteracións xenéticas.
    - Os pulsos que emiten os móbiles interferen cos ritmos alfa e delta do seu cerebro.
      - O seu sistema inmunitario é aínda débil pois aínda se está a desenvolver.
        - As ondas afectan a súa memoria, atención e aprendizaxe.
          - Existen feitos acumulativos a longo prazo, a duración da exposición aumenta cando o seu uso comeza a curta idade cos riscos subsecuentes.

**Na comunidade científica existe un crecente número de expertos en contra do uso e abuso da telefonía móbil, sobretudo por nenos e adolescentes.**

*"O uso do móbil nos nenos debe ser desaconsellado".*  
Informe Stewart, Reino Unido, Abril de 2000.

*"Os nenos deben ter preocupacións adicionais co uso da telefonía móbil polos especiais riscos para a saúde asociados aos seus corpos en crecemento".*

Academia Alemá de Pediatría, Decembro de 2000.

*"Os pais deben manter afastados aos seus fillos desta tecnoloxía".*

Wolfram Koenig, Presidente do Bundesamt für Strahlenschutz. Organismo para a protección por radiacións na Alemaña. Xullo de 2001.

*"Non uso de teléfonos móbiles polos nenos e nenas menores de 16 anos".* Recomendación do Comité Nacional Ruso para a Protección das Radiacións Non Ionizantes. Setembro de 2001.

*"As mulleres en estado deben afastar o móbil do seu ventre e os rapazes e rapazas novas deben telos lonxe dos seus órganos sexuais, pois aínda están en desenvolvemento".*  
Goberno Francés. Marzo de 2002.

*"Se os xovens continuaren a ignorar as advertencias, unha lei que proiba o seu uso pode ser precisa".*  
Purachai Piemsomboon. Ministro da Tailandia. Abril de 2002.

*"Pode ser necesario promulgar leis que proiban o uso da telefonía móbil aos nenos menores de 16 anos para os protexer da exposición á radiación que pode danar os seus cerebros".*

Ministro do Ambiente do Bangladesh, Xuño 2002.

*"Non podemos excluír que despois de algúns decenios, unha xeración completa de usuarios poda sufrir efectos negativos a unha idade media".*

Profesor L. Salford. Lund University. Suecia. Febreiro de 2003.

